



O Concello de Portomarín precisa cubrir, con carácter temporal, un posto de traballo na categoría profesional de GUÍA TURÍSTICO/A, facendo uso da Bolsa de Emprego dispoñible nesta entidade (B.O.P. 19 de agosto de 2009).

Os requisitos que deberán cumprir as persoas aspirantes ó posto son os seguintes:

- a) Ter nacionalidade española, dun dos estados membros da Unión Europea ou dalgún dos estados nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posee-la capacidade funcional para o desempeño das tarefas asociadas ó posto de traballo, é dicir, non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico incompatible co desempeño das funcións inherentes ó posto<sup>1</sup>.
- c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Atoparse en situación de alta como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, non considerándose a demanda de mellora de emprego como tal.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. Os/as aspirantes con nacionalidade non española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.<sup>2</sup>
- f) Estar en posesión da Diplomatura en Turismo, Técnico de Empresas e Actividades Turísticas ou Titulación Equivalente<sup>2</sup>; ou estar en condicións de obtela na data de remate do prazo de presentación a dito posto. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Duración do contrato: 09/07/2011 e 08/10/2011.

Tipo de xornada: Completa.

Unha vez efectuada a baremación das persoas anotadas na Bolsa de Emprego que cumpren os requisitos esixidos obtense a seguinte puntuación:

APELIDOS	NOME	PUNTUACIÓN	SITUACIÓN
Mille Alvarez Quiñones	Santiago Alberto	0,75	Dispoñibilidade

As persoas interesadas disporán de tres días hábiles contados desde a data desta publicación no Taboleiro de Edictos do Concello de Portomarín e na páxina web de dita entidade para presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Desde esta entidade procederase a convocar as persoas interesadas segundo o estipulado na normativa da Bolsa de Emprego de Portomarín.

Portomarín, a 05 de xullo de 2011.

O Alcalde



Asdo. Juan Carlos Lopez Serrano.



<sup>1</sup> As persoas con minusvalía serán admitidas en igualdade de condicións que os demais aspirantes, sen que se establezan exclusións por limitacións físicas, psíquicas ou sensoriais agás que estas incapaciten para o bon desenvolvemento das tarefas propias do posto ofertado.

<sup>2</sup> As titulacións equivalentes recollense na *Ley Orgánica 2/2006*, de 3 de maio de Educación (BOE, 04 de maio de 2006), no R.D. 777/1998, de 30 de abril, polo que se desenrolan determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo (BOE, 08 de maio de 1988) e no R.D. 986/1991, de 14 de xuño, polo que se aproba o calendario de aplicación da LOGSE (BOE, 25 de xuño de 1991).